

Regulamento de asignación de TFM

O proceso de asignación de traballos fin de máster do Máster en Técnicas Estadísticas (MTE) presenta certa complexidade, dada a diversa natureza dos traballos ofertados (modalidades A e B, e propostas de estudante), que fai preciso regular o proceso. Esta é a finalidade deste regulamento que terá en conta as preferencias dos estudantes matriculados e das empresas participantes nas ofertas de prácticas. O procedemento rexeráse polos principios de igualdade de oportunidades, mérito e capacidade dos estudantes solicitantes.

O proceso de asignación seguirá o seguinte esquema, cuxas fases que se detallan a continuación do mesmo:

Fase do procedemento \ Días dende publicación oferta	1-5	6-10	11-15	16-20	21-25	26-30	31-35	36-40	41-45				
Publicación propostas TFM													
Solicitude renovación traballos existentes													
Envío propostas propias TFM alumnos													
Proceso selección TFM-B													
Envío priorización TFM-B empresas e alumnos													
Publicación asignación provisional TFM-B													
Envío priorización TFM-A (alumnos sen TFM-B asignado)													
Publicación asignación TFMs provisional													
Publicación asignación TFMs definitiva (tras peche matrícula)													
Convocatoria extraordinaria de asignación de TFMs													

Fase 1: Oferta de traballos fin de máster.

Descrición: Na primeira etapa elaborárase a oferta de traballos fin de máster. Nesta oferta estarán incluídos **todos** os traballos ofertados (excepto os propostos polos propios alumnos), tanto os de modalidade A como os de modalidade B. Segundo o regulamento de TFM, cada profesor do MTE debe de ofertar nesta etapa cando menos un traballo por cada curso académico (dous no caso de ser cotutorizados). As propostas de traballo deben de ser aprobadas pola Comisión Permanente (competencia delegada da Comisión de Título).

Na oferta de TFM modalidade B, as empresas poderán participar no proceso de selección se o fan constar explicitamente na ficha modelo da proposta.

Data prevista de publicación da oferta: Ó rematar os exames do segundo cuadrimestre.

Fase 2: Elección de TFM por parte do estudante

Unha vez publicada a lista de TFMs ofertados, todo estudante que queira realizar o seu TFM deberá proceder como segue:

- 1) **Se o estudante quere renovar un traballo do curso anterior**, debe de **solicitalo** mediante correo electrónico ó Coordinador Xeral nun prazo máximo de **45 días** dende a publicación da lista coa oferta. Para que se produza a renovación é necesario contar co consentimento do titor do traballo a renovar, e este consentimento debe de ser explicitamente comunicado ó Coordinador Xeral na solicitude de renovación.
- 2) **Se o estudante quere facer propoñer un TFM propio**, debe facelo nun prazo máximo de **45 días** dende a publicación da lista coa oferta e de acordo á ficha modelo estándar.
- 3) **Para os estudantes interesados en traballos de prácticas en empresas o procedemento é o seguinte:**
 - a. **Se o estudante está interesado en prácticas en empresas** que teñan solicitado participar no proceso de selección, deberá **postularse para cada traballo que lle interese**. Para elo deberá enviar un correo electrónico coa súa solicitude ó contacto da empresa correspondente. Este correo debe incluír en copia ó

- coordinador local da universidade do alumno e incluír a seguinte información: copia do DNI, CV, expediente do grao e un **teléfono de contacto**. É recomendable que os alumnos realicen estas mostras de interese o antes posible, para que as empresas teñan tempo de levar a cabo o proceso de selección.
- b. As empresas procederán a entrevistar ós **candidatos** que consideren oportunos de entre os que se teñan postulado para elas.
 - c. Nun prazo máximo de **30 días** dende a publicación da oferta de TFM:
 - As empresas que teñan solicitado participar no proceso de selección deberán remitir á Coordinación do MTE unha lista cunha priorización completa (sen empates) de aqueles estudantes nos que estean interesados para cada uno dos traballos propostos. Se rematado o prazo non se ten recibido priorización para un traballo, entenderase que queda deserto (a aquelas empresas que non quixeran participar no proceso de selección se lles asignará unha priorización en base ós expedientes académicos dos alumnos no MTE).
 - Os estudantes interesados en traballos de prácticas en empresas deberán enviar unha lista cunha priorización completa (sen empates) de aqueles traballos propostos nos que estean interesados.
 - Estas listas priorizadas serán de coñecemento exclusivo da Comisión Permanente e poderán ser postas a disposición da Comisión de Título no caso de que haxa algunha reclamación ó respecto.
 - d. Unha vez rematado o prazo para enviar as listas priorizadas, a Coordinación do MTE procederá a realizar a **asignación de traballos**. Para elo aplicarase o Algoritmo de Gale-Shapley, tamén coñecido como *Deferred acceptance*, cos estudantes no rol de “propoñente”.ⁱ Non caberá posibilidade de renuncia algunha a esta asignación, que se comunicará a estudantes, empresas e titores académicos.
 - e. Os estudantes poderán concorrer ó proceso de asignación de prácticas en empresa só unha vez. As prácticas poderán renovarse, pero sen posibilidade de optar en dous cursos distintos a prácticas en empresas.
- 4) **Se o estudante non opta a TFM en prácticas con empresas ou ben non foi asignado a ningún traballo nesa modalidade**, entón deberá enviar, no prazo de **45 días** dende a publicación da oferta de TFM, unha lista priorizada sobre os traballos de modalidade A (haberá un formulario específico para facer isto na web do máster). Os traballos serán asignados por expediente no MTE.

Fase 3: Publicación da lista de traballos

A lista definitiva de asignación de traballos será publicada unha vez remate o proceso de matrícula ordinaria nas tres universidades e se verifique que os estudantes estean efectivamente matriculados no TFM. Mentres esta matrícula non estea convenientemente formalizada a asignación será provisional e condicionada a que se produza finalmente a matrícula. Se esta non se realiza o traballo quedará liberado para a seguinte etapa.

Fase 4: Convocatoria extraordinaria

Rematada a Fase 3, abrirase unha convocatoria extraordinaria para asignar TFM a aqueles alumnos matriculados no TFM que aínda non teñan traballo asignado. Nesta convocatoria extraordinaria o alumno poderá presentar un traballo en modalidade de estudante o ben seleccionar un da lista de traballos que aínda non estean asignados. **Non será posible asignar nesta convocatoria un traballo con prácticas en empresa que conte con proceso de selección** xa que se entende que ese proceso xa está concluído e non se prorrogará. A asignación na Fase 4 dos traballos dispoñibles farase por orde de solicitude e a convocatoria estará vixente durante o curso académico. As solicitudes deberán remitirse ó Coordinador Xeral e ser aprobadas pola Comisión Permanente do MTE.

ⁱ Para máis información acerca do Algoritmo de Gale-Shapley poden consultarse, por exemplo, os seguintes enlaces:

- Wikipedia: https://en.wikipedia.org/wiki/Stable_marriage_problem
- Vídeo explicativo: <https://www.youtube.com/watch?v=uiqz45tk2-s>
- Enlace xustificativo da concesión do Nobel de Economía de 2012 a Lloyd Shapley e Alvin Roth polo deseño e aplicación de este e outros algoritmos de emparellamento: <https://www.nobelprize.org/prizes/economic-sciences/2012/summary/>

Aprobado na Comisión de Título celebrada o 18 de Maio de 2020.

Julio González Díaz
Coordinador Xeral do MTE